

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

### Clasificación das non conformidades

#### Non conformidade

Desviacións ou Incumprimentos de:

- Normas de traballo, prácticas, procedementos, requisitos legais, (...) pertinentes.
- Requisitos do SXPRL.
- Condicións laborais, e situacións no traballo inadecuadas, e non desexables.

Os incidentes (accidentes, e cuasiaccidentes), así como as situacións de emerxencia, exclúense, xa que reciben un tratamento específico referido nos procedementos "PPRL-07: Investigación de incidentes", e "PPRL-13: Preparación e resposta ante emerxencias" respectivamente.

Unha non conformidade pode xerar tres tipos de accións:

- Accións inmediatas/puntuais.
- Accións correctivas.
- Accións preventivas.

	Nome	Data	Selo Sinatura	e
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010		
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011		
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011		

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

## Clasificación das non conformidades

### *Acción inmediata/puntual*

Acción tomada para solucionar a non conformidade. A finalidade é a de reparar os efectos negativos da non conformidade.

---

### *Acción correctiva*

Acción tomada para eliminar a causa dunha non conformidade. A finalidade é a de previr que algo volva a producirse.

---

### *Acción preventiva*

Acción tomada para eliminar a causa dunha non conformidade potencial. A finalidade é a de previr que algo suceda.

---

As non conformidades xerarán, e clasificaranse como accións inmediatas/ puntuais, ao corresponderse con incumprimentos ou faltas cualificadas coma leves.

O incumprimentos ou faltas cualificadas como leves tamén poden corresponderse con non conformidades xeradoras, e clasificadas coma accións correctivas.

As non conformidades que se correspondan con incumprimentos ou faltas cualificadas coma graves (medias) o moi graves (altas), xerarán e clasificaranse coma accións correctivas.

Toda non conformidade potencial, con independencia da súa correspondencia coa cualificación do seu incumprimento ou falta, xerará e clasificarase coma acción preventiva.

De toda non conformidade xeradora, e clasificada como acción correctiva, ou preventiva, poden derivarse medidas de tipo inmediato e puntual, sen que elo sexa óbice para a definición e execución de medidas correctivas, ou preventivas.

---

As non conformidades clasifícanse, en correspondencia cos incumprimentos ou faltas, en:

*Leves.* Cando as infraccións sexan imputables ao traballador/a xerarán amoestacións verbais e/ou por escrito.

*Medias ou graves.* Cando as infraccións sexan imputables ao traballador/a xerarán a aplicación do réxime disciplinario correspondente.

*Alta ou moi grave.* Cando as infraccións sexan imputables ao traballador/a xerarán a aplicación do réxime disciplinario correspondente.

---

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

### Clasificación das faltas

Establécese a seguinte cualificación e graduación non exhaustiva, sobre incumprimentos ou faltas referidos ao SXPRL, sen prexuízo de que en diversos procedementos se precise ou detallen outros.

#### Faltas Leves

- Pequenos e puntuais descoidos, ou erros escusables ao cubrir determinados rexistros (P.e.: permisos de traballo; inspeccións de PRL dos centros de traballo; inspeccións de PRL de traballos/servizos contratados; entrega de EPI,s; Memoria de actividades/ proxectos; control de equipos de traballo; control de produtos químicos, control de documentación derivada da coordinación de actividades empresariais, etc.)
- Incumprimentos non repetitivos derivados da falla de orde e limpeza, cando careza de significación grave para a seguridade e saúde das persoas.
- Pequenos e puntuais descoidos na utilización e/ou conservación dos EPI,s, cando carezan de significación grave para a seguridade e saúde das persoas.
- Carencias reparables de documentación derivada da coordinación de actividades empresariais, cando carezan de significación grave na seguridade e saúde das persoas.
- Incumprimentos da normativa en materia de prevención de riscos laborais, que se cualifiquen como leves.

#### Faltas Graves

- Calquera falta leve que non sexa puntual, ou na que se aprecie reiteración.
- Inobservancia das ordes, e normas de traballo, que podan carrexar consecuencias graves para a seguridade e saúde das persoas (non adoptar as medidas necesarias referidas a equipos de traballo, produtos químicos, EPI,s, falsear información referida a un accidente ou cuasiaccidente, non utilización inxustificada de los EPI,s, así como a negligencia na súa conservación, non adoptar as medidas necesaria indicadas na planificación preventiva, así como nos informes de non conformidades, acción correctiva, acción preventiva).
- Incumprimentos da normativa en materia de prevención de riscos laborais, que se cualifiquen como graves.

#### Faltas Moi Graves

- Calquera falta grave, que non se teña solucionado ou se reitere.
- Toda carencia de documentación esixible polo SXPRL, que poida carrexar consecuencias graves para a seguridade e saúde das persoas.
- Comportamentos negligentes que poidan carrexar consecuencias graves para la saúde.
- Incumprimentos da normativa en materia de prevención de riscos laborais, que se cualifiquen como moi graves.

Cando as infraccións ou faltas sexan imputables ao traballador/a poderán xerarse:

Amoestacións verbais e/ou por escrito, no caso de faltas leves.

A aplicación do réxime disciplinario correspondente, no caso de faltas graves ou moi graves.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

### *Cumprimentación e tratamento do informe de non conformidade, acción correctiva e acción preventiva*

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais abrirá directamente aquelas non conformidades cun ámbito que supere aos dos centros.

O correcto rexistro, e tratamento dos informes de non conformidade, acción correctiva, e acción preventiva, que afectan aos centros, é responsabilidade dos respectivos responsables de PRL de cada centro, sen prexuízo de que, en virtude da súa recoñecida autonomía e capacidade de xestión, poidan definir funcións, asignando responsabilidades, e delegando a autoridade correspondente, en outras persoas baixo a súa dirección, para facilitar a xestión eficaz das non conformidades, e as accións derivadas das mesmas.

Datos xerais:

Indicar a información que corresponda.

O Nº do informe será un número correlativo e o ano de referencia (p.e. 01/ano; 02/ano, 03/ano...).

Cualificación da falta ou incumprimento:

Marcar a cadro que corresponda, apoiándose na clasificación das accións derivadas de toda non conformidade, e cualificación de faltas expostas anteriormente.

Clasificación da acción derivada:

Marcar o cadro que corresponda, apoiándose na clasificación das accións derivadas de toda non conformidade, e cualificación de faltas expostas anteriormente.

Descrición da non conformidade:

Explicar o suceso coa información que se estime estritamente necesaria para lograr unha comprensión cabal da non conformidade.

Causas da non conformidade (pode haber mais dunha causa para unha non conformidade):

Sinalar as causas que se estimen xeradoras da non conformidade.

Decisión inmediata tomada, e responsable e prazo:

Expoñer a solución inmediata/puntual

Determinar o responsable de levala a cabo, e o seu prazo máximo de execución

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

*Rexistro e tratamento do informe de non conformidade, acción correctiva e acción preventiva*

Comunicación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

Marcar a súa comunicación segundo o que corresponda.

Nos casos que corresponda indicar a data de comunicación.

Marcar o medio de comunicación segundo o que corresponda.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais será o responsable de efectuar a comunicación aos Delegados/as de Prevención en aqueles casos que sexa pertinente.

Informe de medidas correctivas ou preventivas:

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais cubrirá este epígrafe, conxuntamente co Responsable de PRL de cada centro.

Resultados do seguimento/verificación das accións establecidas:

Indicar co detalle mínimo que se estime necesario para lograr unha comprensión cabal do resultado obtido.

Indicar calquera documentación que se estime relevante referida ou que poda evidenciar dito resultado.

Cualificar a gravidade da non conformidade:

Marcar o que corresponda en cada caso.

Peche inicial do informe de non conformidade, acción correctiva, e acción preventiva:

Asinar e datar o peche.

Peche final do informe de non conformidade, acción correctiva, y acción preventiva:

Asinar e datar o peche.

Recibe copia:

Indicar os destinatarios.

Datar a súa comunicación.